

IX encontro sindical GALEUSCAT de CC OO

O Sindicato nacional de Comisións Obreiras de Galicia, a Confederación Sindical de CC OO de Euskadi e a Comissió Obreira Nacional de Catalunya tiveron un encontro sindical no marco do GALEUSCAT, foro sindical constituído no ano 1992 polas organizacións de CC OO das comunidades autónomas históricas co obxectivo de reforzar os vínculos confederais e analizar a realidade plurinacional que representamos Catalunya, Euskadi e Galicia.

Neste encontro puidemos abordar diferentes temas de especial interese para CC OO, os cambios do modelo produtivo e o impacto das novas tecnoloxías na acción sindical, a configuración dos marcos de negociación colectiva nunha realidade cambiante do modelo de empresa, aínda que cun escenario normativo favorable grazas á reforma laboral e por último a necesidade de construír un novo contrato social para o século XXI que actúe como dique de contención aos avances das políticas reaccionarias que queren retrotraernos ao pasado da man dos partidos da ultradereita.

A transformación do tecido produtivo require adaptar as prácticas sindicais e o noso modelo organizativo

Os cambios que se están producindo no tecido produtivo, transformando sectores e empresas da man dunha reconfiguración do capitalismo global que está provocando un novo escenario geo económico caracterizado pola disputa polo poder global entre as grandes potencias económicas do mundo. Esta situación induce ás diferentes áreas

xeográficas a recompoñer algunhas cadeas de subministración, relocalizando actividades deslocalizadas, e introducindo novos cambios nos modelos de fragmentación das cadeas de valor, adaptándose aos efectos da economía de plataforma e a revolución tecnolóxica-dixital e verde que impacta nos modelos de relacións laborais e na política de organización dos traballadores e traballadoras. Novos retos para o sindicalismo do século XXI.

Neste sentido os procesos de adaptación da nosa práctica sindical para reforzar os mecanismos de proximidade coa clase traballadora nunha tipoloxía de empresa cada vez máis difusa, fragmentada, telemática e dixital, son un reto fundamental que o sindicato debe garantir. Debemos incorporar novos métodos de traballo sindical, investindo en tecnoloxía e coñecemento, reorientando recursos ao centro de traballo e xestionando a nosa autonomía sindical e financeira sen perder de vista a situación que neste momento viven miles de persoas traballadoras afectadas por diferentes crises concatenadas e nun contexto actual dunha forte inflación. Por iso desde o GALEUSCAT queremos poñer en valor a decisión da Confederación Sindical de CC OO España de conxelar a cota sindical para o ano 2023.

Un esforzo que debemos realizar todas as persoas que conformamos a organización para manter a nosa viabilidade financeira, como xestoras provisionais e responsables das cotas das nosas afiliadas e afiliados pero que significa un compromiso incuestionable coa clase traballadora deste país.

A negociación colectiva debe reforzar os lazos dos traballadores desde a proximidade

Os cambios aos que facemos referencia, tanto do mundo do traballo como da política sindical, débense expresar de forma coherente alá onde se articulan os dereitos colectivos das persoas traballadoras. Os convenios colectivos. Neste sentido, a estratexia do sindicato debe potenciar os equilibrios recuperados nas relacións laborais que nos ofrece a reforma laboral. A ultraactividade, a prevalencia dos convenios sectoriais sobre os de empresa e a estabilización do mercado de traballo cun incremento histórico da contratación indefinida, propician un escenario negocial onde a disputa capital traballo faise vixente, tal e como estamos a demostrar nos procesos de negociación de 2022, onde conseguimos instalar en España e nos nosos territorios, a clave de “salario, ou conflito”.

Esta nova realidade debe dar resposta tamén aos cambios estruturais do mundo do traballo, onde se require reforzar o criterio de proximidade do sindicato e as súas ferramentas, cos traballadores e traballadoras. Proximidade que implica tamén o pleno recoñecemento das realidades comunitarias e nacionais como o espazo de desenvolvemento desde o que as persoas nos/nos realizamos e participamos nos procesos globais, en contraposición a un proceso *globalizador dirixido polas elites que conleva o desarraigamento das persoas e dota de base social ás forzas antidemocráticas.

Para iso desde o GALEUSCAT cremos imprescindible abrir un debate no marco confederal que analice a configuración actual e previsión futura dos ámbitos de negociación e reforce os criterios de articulación territorial, sectorial e funcional dos convenios colectivos.

Reforzar os dereitos sociais e de cidadanía o mellor antídoto contra o fascismo

No marco do encontro mantido en Santiago de Compostela, as tres organizacións coa participación do noso secretario xeral estatal analizamos a situación política, mostrando a preocupación pola radicalización dos partidos conservadores provocado por unha inercia global que atenta contra os valores democráticos, exercendo unha ofensiva polo desprestixio das institucións, tentado instrumentalizar os poderes legislativos, executivos e xudiciais para o desmantelamento do estado democrático.

Os episodios do Brasil, USA ou os avances da ultradereita en Europa e especialmente no noso país, han de confrontarse desde a construción de espazos de certeza fronte á complexidade do contexto, desde as respostas tanxibles ás persoas máis afectadas pola pobreza e a desigualdade, desde o reforzo do estado de benestar e os servizos públicos como factor de cohesión e xustiza social e desde o traballo digno para garantir as condicións materiais da xente. Neste sentido abordamos como o mundo sindical afronta a loita contra os discursos da ultradereita desde a práctica e formación sindical, así como desde a memoria histórica das nosas organizacións.

É desde esta realidade que os espazos de liberdade e de xustiza social vertebran a democracia. É coa construción dun novo contrato social que se reforza a lexitimidade das nosas institucións, fortalécese a democracia e constrúese un país de progreso e igualdade.

Santiago de Compostela,
24 e 25 de xaneiro de 2023